

## NORMAS ESPECÍFICAS XXIV COPA GALICIA SÉNIOR MASCULINA

Participantes:

ACB: Obradoiro CAB

ADECCO ORO: C.B. Breogán  
Gestibérica Vigo Básquet  
Club Ourense Baloncesto.

ADECCO PLATA: Básquet Coruña  
Rosalía de Castro

1. Os encontros disputaranse de acordo coas Regras Oficiais de xogo.
2. O equipo local notificará vía fax á Federación Galega de Baloncesto, polo menos con tres días laborais de antelación, o lugar e a hora do encontro a disputar.
3. Todos os encontros da Fase previa disputaranse con balón da marca **Molten**.
4. Todas as incidencias da competición resolveranse polo Comité de Competición da Federación Galega de Baloncesto.
5. Autorízase a que as sancións disciplinarias a xogadores, adestradores ou delegados poidan trocarse por 150 euros por partido para os equipos de ACB, ADECCO ORO, ADECCO PLATA, cantidade que deberá abonarse antes da seguinte xornada a disputar.
6. Todos os xogadores e técnicos deberán identificarse nos encontros co DNI orixinal ou con documento similar.
7. É obrigatoria a presenza en cada encontro dun delegado de campo que será responsabilidade do equipo que figure como local.
8. Todos os xogadores que vaian a disputar os encontros deberán estar mutualizados nun prazo, polo menos, de CORENTA e OITO horas antes do encontro.



FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO

**LEMBRÁMOSLLES QUE SI ALGÚN XOGADOR RESULTA LESIONADO NOS ADESTRAMENTOS OU PARTIDOS SEN ESTAR MUTUALIZADO A CUANTÍA RESULTANTE DA ASISTENCIA HOSPITALARIA CORRERÁ A CARGO DO CLUB OU, NO SEU DEFECTO, DO PRESIDENTE DO MESMO.**

9. Todos os equipos deberán ingresar na conta da Federación (LA CAIXA Nº 2100-1455-14-0200121534) a cantidade de **900 €** en concepto de arbitrxes, antes do comezo da competición.

10.- As semifinais e final disputaranse en campo neutral e baixo organización da FGB na sede que designe.

## NORMAS ESPECÍFICAS XVII COPA GALICIA SÉNIOR FEMENINA

Participantes:

LIGA FEMININA: R.C. Celta Vigourban.

LIGA FEMININA 2: Extrugasa , Pabellón Ourense, C.B. Arxil, C.B. Pio XII,  
Universitario Ferrol, Ensino e Carmelitas Vedruna.

1.- Os encontros celebraranse nas vilas a designar polos equipos que figuren como locais, que deberán comunicar a sede, polo menos con catro días de antelación ao encontro, enviando un escrito vía fax á FGB.

2.- Todas as xogadoras e técnicos deberán identificarse nos encontros co DNI orixinal ou documento similar.

3.- É obrigatoria a presenza en cada encontro dun Delegado de Campo que será responsabilidade do equipo que figure como local.

4.- Os encontros poderán disputarse na localidade do equipo que organice o partido.

5.- O Comité de Competición será o da FGB. As sancións deportivas trocaranse por 30 € por partido.

6.- Os encontros xogaranse de acordo coas regras oficiais de xogo.

7.- O balón co que se disputará esta Copa Galicia será da marca **Molten**.

8.- Todas as xogadoras que disputen os encontros deberán estar mutualizadas nun prazo, polo menos, de CORENTA e OITO horas anteriores ao encontro.

**LEMBRÁMOSLLES QUE SE ALGUNHA XOGADORA RESULTA LESIONADA NOS ADESTRAMENTOS OU PARTIDOS SEN ESTAR MUTUALIZADA, A CUANTÍA RESULTANTE DA ASISTENCIA HOSPITALARIA CORRERÁ A CARGO DO CLUB OU, NO SEU DEFECTO, DO PRESIDENTE DO MESMO.**



FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO

9. Todos os equipos deberán ingresar na conta da Federación (LA CAIXA Nº 2100-1455-14-0200121534) a cantidade de 500,00 € en concepto de arbitaxes.

10. As semifinais e final disputaranse en campo neutral e baixo organización da FGB na sede que esta designe.

## NORMAS ESPECIFICAS COPA GALICIA EBA

Participantes:

GRUPO A: Óptica Val Obradoiro  
Establecimientos Otero  
Ourense Capital Termal  
Marín PeixeGalego

GRUPO B: C.B. Chantada  
Básquet Xiria  
Estudiantes de Lugo  
Ferrol CB

1. Os encontros se xogarán de acordo coas Regras Oficiais de Xogo.
2. O equipo local notificará vía fax á Federación Galega de Baloncesto, polo menos con tres días laborais de antelación, o lugar e a hora de cada encontro.
3. Todos os encontros da Copa Galicia disputaranse con balón da marca **Molten**.
4. Todas as incidencias da competición serán resoltas polo Comité de Competición da Federación Galega de Baloncesto.
5. Autorízase a que as sancións disciplinarias a xogadores, adestradores ou delegados poidan trocarse por 50 euros por partido, cantidade que deberá abonarse antes da seguinte xornada a disputar.
6. Todos os xogadores e técnicos deberán identificarse nos encontros co DNI orixinal ou cun documento similar.
7. É obrigatoria a presenza en cada encontro dun Delegado de Campo que será responsabilidade do equipo que figure como local.
8. Todos os xogadores que disputen os encontros deberán estar mutualizados nun prazo, polo menos, de CORENTA e OITO horas anteriores ao encontro.

**RECORDAMOSLLES QUE SI ALGÚN XOGADOR RESULTA LESIONADO NOS ADESTRAMENTOS OU PARTIDOS SEN ESTAR MUTUALIZADO, A CUANTÍA RESULTANTE DA ASISTENCIA HOSPITALARIA CORRERÁ A CARGO DO CLUB OU, NO SEU DEFECTO, DO PRESIDENTE DO MESMO.**

9. Todos os equipos deberán ingresar na conta da Federación (LA CAIXA Nº 2100-1455-14-0200121534) a cantidade de 600 € en concepto de arbitrxes, antes do comezo da competición.

10. A final xogarase a partido único, entre os campións de ambos grupos, o 12 de setembro na sede que designe a FGB.